

Sensación verosímil

É o primeiro de novembro e Remoldiño, o caracol protagonista da historia de Xoán R. Cuba, érguese moi cedo para coller o coche de liña que o levará á feira de Santos de Monterroso. Ao chegar, e topar o seu amigo D. Rolando percorren a feira e aprecian todos os produtos que alí hai; coitelos, sachos, castañas, ovellas ou cabalos. Tras o paseo chega a hora do xantar onde non falta o viño e o churrasco e, finalmente, logo dunha produtiva xornada a volta á casa.

Trátase esta dunha historia sinxela onde o autor recorre de volta ao personaxe que xa empregara en *O caracol Remoldiño* e que lle valera o premio Lecturas Galix en 2005. Mais é tamén un relato elaborado e narrado dende composición poéticas que, artelladas en estrofas de catro versos con rima, dotan ao conxunto dunha cadencia ou dun ritmo moi particular caracterizado pola súa lentitude, se cadra acorde coa condición do protagonista, mais tamén acorde con algunhas das sensacións dun día de feira, entre as cales cómpre salientar o esgotamento pro-

Con trazos populares



PAULA FERNÁNDEZ



voca-
do pola

hora de er-
guerse e o feito de estar a camiñar todo o día, e que fai que o deambular sexa ao final case monótono e desgana-
do; e á beira desta lentitude atópanse tamén fragmentos máis dinámicos onde se advirte o estado de excitación do protago-

nista ante a súa primeira visita á feira de Monterroso.

No texto, que se presenta acompañado das ilustracións de Óscar Villar onde acadan especial protagonismo as formas esaxeradas e desproporcionadas e que obvian as cores rechamantes, destaca o comportamento tan natural dos personaxes e a sensación de verosimilitude conseguida ao crear unha serie de relacións, que xa se advirten consolidadas na lectura, que amosan a perfecta harmonía entre animais e persoas que viven xuntos e se comunican. Un trazo este da literatura popular que tanto ten interesado ao autor, como acreditan os libros e colaboracións por el asinados froito dun completo traballo de recollida visible por exemplo na colección “Cabalo Buligán” de edicións Xerais, e á que segue aquí vinculado tanto polo tema elixido, como pola estrutura, os recursos e os protagonistas, aínda que desta volta esqueza o traballo como compilador de historias anónimas e orais e resulte o creador coñecido dunha historia escrita.

CUBA, Xoán R., *Remoldiño vai á feira* (Ilustr. Óscar Villán), Ed. Xerais, Vigo, 2007, 30 páxinas.